

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e oito de outubro de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as doce

horas corenta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 24 de outubro de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1º.- Con data 24 de setembro de 2024, a Xunta de Goberno Local adxudicou á sociedade CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. o contrato de obras para a execución do investimento denominado

“MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN ÁLCEME”.

2º.- A preceptiva acta de comprobación do reformulo asinouse o día 14 de outubro de 2024, fixándose o prazo de execución da obra adxudicada en dúas (2) semanas, contadas a partires do día da sinatura de dito documento.

3º.- En data 24 de outubro do corrente (RE-E núm. 605), Dona Ana Isabel Taboada Ramos, na representación da sociedade adxudicataria, solicita unha ampliación do prazo de execución da obra polos motivos que especifican no escrito de solicitude.

4º.- A dirección facultativa das obras emite, con data 25/10/24, informe favorable á prórroga solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 193 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), dispón literalmente: *“O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva”.*

Segundo.- O artigo 195.2 do citado texto legal establece que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos ampliando o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder á adxudicataria CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. unha ampliación, ata o día 11 de novembro de 2024, no prazo de execución da obra denominada *“MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN ÁLCEME”.*

3.- CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1º.- Con data 6 de agosto de 2024, a Xunta de Goberno Local adxudicou á sociedade CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. o contrato de obras para a execución do investimento denominado *“MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS NAS PARROQUIAS DO SALTO, RODEIRO, GUILLAR E ÁLCEME”*.

2º.- A preceptiva acta de comprobación do reformulo asinouse o día 26 de agosto de 2024, fixándose o prazo de execución da obra adxudicada en dous (2) meses, contados a partires do día da sinatura de dito documento.

3º.- En data 24 de outubro do corrente (RE-E núm. 606), Dona Ana Isabel Taboada Ramos, na representación da sociedade adxudicataria, solicita unha ampliación do prazo de execución da obra polos motivos que especifican no escrito de solicitude.

4º.- A dirección facultativa das obras emite, con data 25/10/24, informe favorable á prórroga solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 193 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), dispón literalmente: *“O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva”*.

Segundo.- O artigo 195.2 do citado texto legal establece que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos ampliando o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder á adxudicataria CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. unha ampliación, ata o día 26 de decembro de 2024, no prazo de execución da obra denominada *“MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS NAS PARROQUIAS DO SALTO, RODEIRO, GUILLAR E ÁLCEME”*.

4.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 2 E FINAL, LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN RAÑESTRAS. CONCELLOS DE RODEIRO E DOZÓN”

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 2, final e liquidación correspondente á obra de *“Pavimentación de camiño municipal en Rañestras. Concellos de Rodeiro e Dozón”*, por importe de CORENTA E CATRO MIL OITOCENTOS TRINTA E UN EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (44.831,50 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director da obra Don Román Gómez Fraiz.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 44.831,50 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2024-338 (FACe), de data 24/10/24, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 25 de outubro de 2024, na que se fai constar que *“as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento do facultativo encargado da súa dirección, cos axustes recollidos no informe final de obra”*, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da

obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe final da obra asinado pola dirección facultativa en data 24/10/24.

5.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL PARA A CREACIÓN E/OU MELLORAS DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓN, INSTALACIÓN E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS

En relación á subvención outorgada pola Dirección Xeral de Administración Local por Resolución de data 23/05/24, por importe de 43.729,37 €, para a execución do investimento denominado “*Pavimentación de camiño municipal en Rañestras. Concellos de Rodeiro e Dozón*”, ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG núm. 9, do 12/01/24)., procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 43.729,37 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	DNI/CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L.	██████	2024/20	01/03/2024	07/03/2024	1.089,00 €
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	OB2024-300	03/10/2024	08/10/2024	5.299,70 €
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	OB2024-338	24/10/2024	28/10/2024	44.831,50 €
CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L.	██████	2024/88	30/09/2024	28/10/2024	208,77 €
CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L.	██████	24/90	24/10/2024	28/10/2024	1.089,00 €
CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L.	██████	2024/91	24/10/2024	28/10/2024	1.333,98 €

— Cantidade xustificada: 53.851,95 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Dirección Xeral de Administración Local, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

6.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON CARGO Á LIÑA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL (FCA) 2024

En relación á subvención outorgada pola Dirección Xeral de Administración Local por Resolución de data 07/06/24, por importe de 50.314,38 €, para o proxecto denominado “*Adquisición de equipamento para a protección do ambiente e do espazo natural*” ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 17, do 24/01/24), procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

- Subvención concedida: 50.314,38 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	DNI/CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
PABLO GARCÍA PAIS	████████	2024-0166	27/09/2024	08/10/2024	13.297,90 €
MAXIDEZA S.L.	████████	2024 U 000220	25/10/2024	28/10/2024	30.250,00 €
MAXIDEZA S.L.	████████	2024 A 004364	25/10/2024	28/10/2024	13.915,00 €

- Cantidade xustificada: 57.462,90 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Dirección Xeral de Administración Local, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

7.- SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA LIÑA 3 DO PLAN MÁIS PROVINCIA 2024

No Boletín Oficial da Provincia núm. 2, correspondente ao día 3 de xaneiro de 2024, publicáronse as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia 2024).

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 24 de xaneiro de 2024, solicitouse unha subvención por importe de CENTO VINTE E DOUS MIL CATROCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (122.487,26 €) con cargo á Liña 3 – Activación do Emprego 2024 – do dito Plan, con destino ao financiamento da contratación de doce (12) traballadores/as desempregados/as.

A Deputación Provincial, por acordo da súa Xunta de Goberno adoptado en data 09/02/24, concedeu a axuda solicitada (expediente núm. [REDACTED]).

Na sesión de data 28 de agosto do corrente, este órgano acordou solicitar á Deputación a modificación do perfil profesional subvencionado de monitor-socorrista polo de “*auxiliar administrativo*”, polos motivos nel especificados. A solicitude foi remitida ao órgano provincial o día 30 de agosto de 2024. Porén, ata o día 4 de outubro do corrente non foi aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación a modificación do acordo de concesión.

Notificado o acordo anterior con data 08/10/24, procedeuse a realizar o correspondente procedemento de selección do novo posto de traballo, finalizándose este coa correspondente contratación nesta data de 28 de outubro do corrente. En consecuencia, da duración do contrato subvencionada de tres meses vaise producir un importe sobrante na subvención, dado que a duración definitiva do novo contrato será de dous meses e catro días.

En virtude do anterior, o Concello considera axeitado para o interese municipal solicitar da Deputación que a cantidade minorada pola circunstancia anterior se aplique na prórroga da contratación do posto de traballo de traballadora social, que remata o vindeiro día 16 de novembro do corrente, permitindo así que o seu contrato se prorrogue ata o día 12 de decembro de 2024.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar da Deputación Provincial a modificación do acordo de concesión de subvención con cargo á Liña 3 – Activación do Emprego 2024 – do Plan Máis Provincia 2024, axustándoo ao mesmo importe da subvención concedida, con destino ao financiamento da contratación de doce (12) traballadores/as desempregados/as, cos seguintes perfís profesionais:

- ✓ 1 traballador/a social en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de cinco (5) meses e vinte e seis (26) días.
- ✓ 1 educador/a social en xornada completa (37,5 horas/semana), por un período de nove (9) meses e catorce (14) días.

- ✓ 2 técnicos/as superiores en educación infantil, en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de nove (9) meses e catorce (14) días.
- ✓ 1 auxiliar administrativo, en xornada parcial (30 horas/semana), por un período de dous (2) meses e (4) días.
- ✓ 3 peóns de servizos diversos, en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de nove (9) meses e catorce (14) días.
- ✓ 4 peóns de servizos diversos, en xornada parcial (25 horas/semana), por un período de seis (6) meses e dezaseis (16) días.

Segundo.- Aprobar a memoria descritiva modificada denominada *“Memoria global dos servizos Plan Máis Provincia. Liña 3 “Programa de activación do emprego 2024”.*

Terceiro.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de CERO EUROS (0,00 €), sendo este órgano o competente para comprometer as achegas.

Cuarto.- Solicitar que o importe sobrante da subvención con cargo á Liña 3, unha vez acordadas as modificacións solicitadas, se acumule á cantidade concedida con cargo a Liña 1 do Plan Máis Provincia 2024.

Quinto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

8.- EXENCIÓNS DE ABONO DO PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE “CONCILIA EN PERÍODO LECTIVO PARA O CURSO 2024-2025”, DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO

En atención ás circunstancias que concorren nos menores veciños do Concello [REDACTED] e [REDACTED], e de conformidade co informe emitido ao efecto pola educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez en data 25/10/24, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e en aplicación do previsto no artigo 5º, apartado 6 da Ordenanza do prezo público pola prestación de servizos e actividades educativas (BOP núm. 194, do 07/10/10),

acorda conceder unha exención total no abono do prezo público pola participación na actividade “*Concilia en período lectivo para o curso 2024-2025*”, entre os meses de setembro de 2024 e xuño de 2025, ambos inclusive, a favor de ditos menores, polos motivos expostos no informe-proposta emitido e namentres se manteña a actual situación de vulnerabilidade da súa unidade familiar.

9.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA POR IT

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María Carmen Diéguez Calvo, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, causou baixa laboral por incapacidade laboral (IT), derivada de enfermidade común, en data 24 de outubro do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as

dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ SANDRA LIMA SILVA, con NIE núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), durante o tempo que dure a situación de baixa laboral por IT da traballadora María Carmen Diéguez Calvo.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MAXIDEZA S.L. 13.915,00 €
Por subministro de cabezal podador para tractor, s/factura núm. 2024 A 004364 (FACe) – subvención FCA 2024.
- MAXIDEZA S.L. 30.250,00 €
Por subministro de máquina retroexcavadora de segunda man, s/factura núm. 2024 U 000220 (FACe) – subvención FCA 2024.
- CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L. 1.089,00 €
Honorarios restantes por confección de proxecto técnico da obra de “Pavimentación de camiño municipal en Rañestras. Concellos de Rodeiro e Dozón”, s/factura núm. 24/90 (FACe).

- CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L.
208,77 € E 1.333,98 €

Honorarios por dirección facultativa e coordinación en materia de seguridade e saúde da obra de *“Pavimentación de camiño municipal en Rañestras. Concellos de Rodeiro e Dozón”*, s/facturas núm. 2024/88 e 2024/91 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)